CONCELLO DE VIGO

**ANUNCIO RELATIVO A APROBACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTOS DE XEFE/A DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL E CONVOCATORIA DA EXPOSICIÓN DA MEMORIA (FASE 2) (EXPTE: 1711-110).-**

A comisión de valoración en sesión de data 19 de setembro de 2024 adoptou os seguintes acordos

**"1.- Resolución das alegacións presentadas pola aspirante (documento electrónico 240263703).**

A Secretaria da conta da reclamación formulada por Dna. Carla Candía Paz na que sinala que valoración provisional do apartado 1.1.3 dos méritos xerais nos reflicte o número de permisos declarado no autobaremo (2 = 0,50 puntos), téndose indicado a acreditación do dito apartado segundo o expediente persoal.

A vista do informe do Servizo de Persoal solciitado ao efecto e documentación achegada xunto o mesmo os membros da comisión acordan a súa estimación.

**2.- Valoración definitiva dos méritos xerais e específicos (primeira fase).**

trala estimación da reclamación presentada pola aspirante, os membros da Comisión de Valoración, acordan

PRIMEIRO.- Prestar aprobación da valoración definitiva dos méritos xerais e específicos (primeira fase) segundo o seguinte detalle

| ASPIRANTE | DNI |
|---|---|
| MARIA CARLA CANDIA PAZ | ***9745** |

| | |
|---|---|
| **A) MÉRITOS XERAIS .- A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos.** | **13,50** |
| **1.1.1. Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)** | **4** |
| Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado (28) | 4 |
| **1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).** | **0,50** |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 20/09/2024 14:25:37
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Permiso por parto, adopción ou acollemento (2) | 0,50 |
| **1.1.4.Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)** | **3** |
| **-** Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado: (45 meses).<br><br>- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado ( 47 meses). | 2,25<br><br>0,75 |
| **1.1.5 Cursos de formación e perfeccionamento. (ata un máximo de 5 puntos)** | **5** |
| Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora (156 horas) | 5 |
| **1.1.7.- Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)** | **1** |
| Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 punto | 1 |

| | |
|---|---|
| **B) MÉRITOS ESPECIFICOS A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos.** | **10,93** |
| **1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)** | **2,98** |
| 2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo (48 meses)<br><br>4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo (29 meses) | 2,4<br><br>0,58 |
| | |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 20/09/2024 14:25:37

Documento asinado

| 1.1.9.- **Formación específica (ata máximo 12 puntos)** | **7,95** |
|---|---|
| - Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora: 135 horas)<br>- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora: 40 horas | 6,75<br>1,20 |

| **Resultado da primeira da primeira fase: méritos xerais e específicos** | **24,43** |
|---|---|
| Méritos Xerais | 13,50 |
| Méritos específicos | 10.93 |

SEGUNDO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.

**3.- Convocatoria da exposición e defensa pública da memoria (segunda fase).**

Os membros da Comisión de Valoración acordan convocar a aspirante **MARIA CARLA CANDIA PAZ** a exposición e defensa pública da memoria (segunda fase) o día **27 de setembro de 2024** as **13:00** h na Sala Europa sita no 3º andar da Casa Consistorial.

O que se publica de conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria.

Vigo, en data da sinatura dixital

A Secretaria da Comisión de Valoración
Susana Gallardo Fariña (

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 20/09/2024 14:25:37

Documento asinado